

ORDENANZA FISCAL Nº 9

REGULADORA DA TAXA POLA RETIRADA DE VEHÍCULOS DA VIA PUBLICA E DEPOSITO DOS MESMOS E INMOVILIZACION DOS ESTACIONADOS ANTIRREGULAMENTARIAMENTE SEN PERTURBAR GRAVEMENTE A CIRCULACION.

FUNDAMENTO E NATUREZA.

ARTIGO 1º

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade cos artigos 15 a 19 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/1988 de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece, dacordo co previsto no artigo 57 do citado Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, a *taxa pola retirada de vehículos da vía pública ou terreos colindantes e o almacenaxe dos mesmos, así como a inmovilización dos estacionados antirregulamentariamente sen perturbar gravemente a circulación.*

FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA DE CONTRIBUIR.

ARTIGO 2º.-

1.- Constitue o feito imponible da presente exacción, a prestación do servizo de recepción obrigatoria de retirada, traslado e almacenaxe de vehículos que se encontren na vía pública e terreos adyacentes, así como a inmovilización de aqueles que se encontren estacionados de forma antirregulamentaria sen perturbar gravemente a circulación. A retirada, traslado e almacenaxe de vehículos producirase nos casos previstos na lexislación vixente e en concreto:

- a) Cando o requiran as Autoridades Xudiciais e Administrativas.
- b) Cando o vehículo se encontre en estado de abandono.
- c) Cando o vehículo se encontre estacionado na vía pública de modo que perturbe, entorpezca ou obstaculice a circulación da mesma.
- d) Cando o vehículo sexa inmovilizado polos Axentes da Autoridade e transcurran mais de 24 horas sen que o conductor ou propietario proceda a subsanar as deficiencias e a retiralo mesmo.

2.- A obriga de contribuir nacerá, devengandose a taxa, no momento en que interveñan os Axentes Municipais co fin de retirar, trasladar ou inmovilizar os vehículos, Na modalidade de depósito, devengarase a taxa e nace a obriga de contribuir dende que o vehículo chege ó local destiñado ó seu depósito.

SUXEITO PASIVO.

ARTIGO 3º.-

1.- Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuintes, as persoas físicas ou xurídicas ou as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro, que sexan propietarios dos vehículos.

2.- Responderán subsidiariamente co suxeito pasivo, os conductores do vehículo que aparezan como causantes da conducta da que deriva a produción do feito imponible, así como as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren o artigo 42.1 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03.

3.- Serán responsables subsidiarios os administradores das Sociedades e os Síndicos, Interventores ou Liquidadores de quiebra, Concursos, Sociedades e as Entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43.1 apartados a), b) ,c) da Lei Xeral Tributaria 58/03.

BENEFICIOS FISCAIS.

ARTIGO 4º.-

Non serán aplicables beneficios fiscais, salvo os que poidan establecerse en Normas con rango de Lei e os derivados da aplicación de Tratados Internacionais.

BASE DE GRAVAME.

ARTIGO 5º.-

A cuota tributaria determinarase por unha cantidade fixa en función da natureza do servizo prestado.

CUOTA TRIBUTARIA.

ARTIGO 6º.-

ORDENANZA FISCAL Nº 9 REGULADORA DA TAXA POLA RETIRADA DE VEHICULOS DA VIA PÚBLICA E DEPOSITO DOS MESMOS E INMOVILIZACION DOS ESTACIONADOS ANTIRREGULAMENTARIAMENTE SEN PERTURBAR GRAVEMENTE A CIRCULACIÓN.

ARTIGO 6º.-

Rexerán as seguintes tarifas:

1.- Retiradas e traslados ó depósito, por cada vehículo Euros

1.1.- Retirada e traslado ó depósito municipal en xornada laboral, servizo diurno, tarifa vehículos 48,55

1.2.- Retirada e traslado ó depósito municipal en xornada laboral, servizo nocturno ou festivos, tarifa vehículo 72,80

1.3.- Retirada e traslado ó depósito municipal en xornada laboral, servizo diurno, tarifa furgón 62,70

1.4.- Retirada e traslado ó depósito municipal en xornada laboral, servizo nocturno ou festivos, tarifa furgón 94,60

Estas tarifas serán tamén de aplicación ós vehículos inmovilizados.

No caso de que o propietario do vehículo se presente no lugar da retirada antes de que come-

ce o traslado, a tarifa será reducida nun 50 %.

2.- Depósito e garda, por vehículo Euros

Depósito e garda, por día ou fracción 7,80

Considérase:

- Servizo diurno: entre as 8:00 e as 20:00 horas

- Servizo nocturno: entre as 20:00 e as 8:00 horas

- Servizo festivo: entre as 20:00 horas do venres e as 8:00 horas do luns

NORMAS COMPLEMENTARIAS E DE XESTION.

ARTIGO 7º.-

1.- Os dereitos e Taxas desta ordenanza son esixibles e plenamente compatibles coas sancións que procedan dacordo co cadro de multas do Código de Circulación.

2.- Trasladado o vehículo ó depósito, pola dependencia administrativa que corresponda ou polo concesionario do servizo, cursarase comunicación ó titular do vehículo para que antes do último día hábil do mes seguinte a aquel no que reciba a comunicación, se faga cargo do mesmo e abone o importe das taxas correspondentes, debendo facelo efectivo no momento en que o titular ou persoa interesada se presente a recolle-lo vehículo.

3.- A saída de toda clase de vehículos ingresados no depósito, deberase autorizar por quen dispuxo o seu ingreso ou persoa habilitada para elo e únicamente poderán ser entregados ós titulares ou a persoas autorizadas, quen, en dito momento, autoliquidarán a taxa dacordo coa tarifa contida no artigo 6. Contra dita liquidación poderanse interpor os recursos que en dereito procedan.

4.- Transcorrido o prazo a que se refire o apartado 2 sen que o titular se fixera cargo do vehículo o abono das taxas, procederase ó cobro das mesmas pola via de apremio administrativo.

5.- No acto de finalización e adxudicación do vehículo, practicarase a liquidación definitiva dos débitos á Facenda Municipal, acumulando a débeda principal ademais dos gastos de procedemento, ata o momento da adxudicación.

6.- Cando os titulares dos vehículos depositados fosen descoñecidos, a notificación a que se refire o apartado 2 do presente artigo, practicarase mediante anuncio no BOP sendo o seu importe a cargo do interesado. O procedemento seguirá a continuación na forma prevista neste precepto.

7.- Inmovilización dos vehículos. Cando un vehículo se atope estacionado de forma antirreglamentaria sen perturbar gravemente a circulación e o seu conductor non estivera presente, ou , estando se negara a retiralo, será inmovilizado por medio de cepos ou outros procedementos mecánicos similares para impedi-la sua circulación. Tamén procede a inmovilización dos vehículos nos términos previstos nas normas que regulan o estacionamento de vehículos en vías urbanas.

Os conductores ou propietarios de vehículos inmovilizados conforme ó previsto no párrafo anterior, solicitarán ós Axentes Municipais a sua posta en circulación, polo que procederá a ingresar o seu importe de cuota prevista no artigo 6º, aplicándose ó resto das normas de xestións previstas nesta Ordenanza.

INFRACCIONS E SANCIONS.

ARTIGO 8º.-

En todo o relativo a calificación das infraccións cometidas e a sua sanción, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro e o que dispoña a Ordenanza Xeral de Inspeccion , Xestion e Recadacion

APROBACION E VIXENCIA.

DISPOSICION FINAL.

1.- A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación no exercicio do 2007 permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.